

## PRAZAS VACANTES PARA O CURSO 2024-2025

	CURSOS	VACANTES ESTIMADAS
<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	4º INF.	17+3 NEAE*
	5º INF.	4
	6º INF.	1
<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	1º CURSO	0
	2º CURSO	0
	3º CURSO	4
	4º CURSO	4
	5º CURSO	0
	6º CURSO	8
<b>TOTAL 38 + 3* NEAE</b> (Necesidades especiales de atención educativa)		

**O centro tramitará todas as solicitudes presentadas, existan ou non postos vacantes no respectivo curso**

### **NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2024/2025**

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

**1º.** Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao **centro solicitado en primeiro lugar**.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá **facerse expresamente**, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

**2º.** O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

**3º.** En todo caso, a solicitude de reserva ou de **admisión é única** para cada alumno/a e ten **carácter vinculante**. **A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.**

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da Orde do 21 de outubro de 2022.